

ASISTENTES:

López Prieto, Nieves
Lorenzo Merino, Fernando
Martínez Táboas, M^a Teresa
Pita Grandal, Ana María
Rodríguez Damián, Amparo

Con voz e sen voto:
Grande Seara, Pablo
Mariño de Andrés, Ángel

Ás 10,30 hs. do día 7 de maio de 2010, deu comezo na Sala de Xuntas A-205 da Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo, unha reunión ordinaria, en segunda convocatoria, da Comisión Permanente da Xunta de Facultade, coa seguinte orde do día:

Punto 1: Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria anterior (achégase acta por e-mail).

Punto 2: Informes do Sr. Decano

Punto 3: Aprobación, se procede, das datas de celebración da Proba de Aptitude para a Homologación de Títulos Estranxeiros, así como a composición dos Tribunais que deben xulgar as ditas probas.

Punto 4: Aprobación, se procede, de cambios na Coordinación e na composición da Comisión Académica do Máster de Menores en Situación de Desprotección e Conflicto Social.

Punto 5: Toma de decisión sobre a convocatoria de exames de decembro do curso académico 2010/2011 (titulacións a extinguir).

Punto 6: Rogos e preguntas.

No primeiro punto da orde do día, apróbase por asentimento a acta da reunión ordinaria precedente, do día 5 de marzo de 2010.

No segundo punto da orde do día, o Sr. Decano informa sobre as seguintes cuestións:

- a) Do cese do seu mandato o día 9 deste mes, e do inicio da convocatoria de eleccións a Decano partires do día 10, según o calendario electoral que conta co visto bo da Secretaría Xeral.
- b) Das axudas económicas que todos os anos solicitan os alumnos ao Vicerreitorado correspondente para sufragar os actos de graduación. De seguido, o Sr. Decano co acordo de todos os membros desta Comisión introduciu na orde do día a aprobación, si procede, das solicitudes de axudas dos alumnos de Dereito e Relacións Laborais para os actos da graduación do ano 2010 ante a Vicerreitoría de extensión cultural, que contou coa aprobación por asentimento dos membros da mesma.

No terceiro punto, aprobouse por asentimento a celebración da Proba de Aptitude para a Homologación de Títulos Estranxeiros nos días 10 e 11 de xuño, e o 19 e 20 na convocatoria de xullo. Así como a composición dos Tribunais encargados de xulgar as devanditas probas que quedan configurados cos seguintes membros:

Para a titulación de Dereito

Presidente: Fernando Lorenzo

Merino/suplente Pablo Grande Seara.

Secretario/a: Teresa Martínez Táboas/ suplente Ángel Mariño de Andrés.

Vocal 1: Almudena Bergareche Gros /suplente Beatriz González Moreno.

Vocal 2: Helena Martínez Hens/ Suplente Encarna Dávila Millán.

Vocal 3: Ana María Pita Grandal /suplente Jaime Aneiros Pereira.

Para a titulación de Relacións Laborais. Presidente: Fernando Lorenzo Merino/ suplente Pablo Grande Seara

Secretario/a: Jaime Aneiros Pereira/ Suplente Carmen Ruíz Hidalgo.

Vocal 1 Antonia Arias Martínez /suplente Patricia Valcárcel Fernández.

Vocal 2: Ángel Mariño de Andrés/ suplente: Encarna Dávila Millán .

Vocal 3: Belén Fernández Docampo/ suplente: Jaime Cabeza Pereiro.

No cuarto punto, aprobaronse por asentimento os cambios na Coordinación do Máster de *Menores en Situación de Desprotección e Conflicto Social*, que a partires de agora corresponderán a Dona Marta García Mosquera como Coordinadora e D. Virgilio Rodríguez Vázquez, como secretario do mesmo. E veñen a substituir a Dona Esther González Pillado e a D. Pablo Grande Seara respectivamente. Tamén queda aprobada a modificación realizada na Comisión Académica deste máster que queda composta do seguinte xeito, Presidenta: Dona Marta García Mosquera, Secretario: D. Virgilio Rodríguez Vázquez, Representante da Comisión de Calidade do centro: D. Pablo Grande Seara, Vocales: Dona Esther González Pillado, Dona Carmen Verde Diego, Dona Francisca Fariña Rivera e Dona Almudena Bergareche Gros.

No quinto punto, aprobouse por asentimento o mantemento da convocatoria de exames de decembro, que terá lugar entre o 29 de novembro e o 4 de decembro para o curso académico 2010/2011, nas titulacións a extinguir (Licenciatura en Dereito e Diplomatura en Relacións Laborais) coa suspensión de clases durante a súa celebración.

No último punto adicado a rogos e preguntas, a profesora Dona Ana M^a Pita pregunta cómo se inicia o proceso para a elección de Decan, cunha Xunta de Facultade en funcións. Xa que os membros electos da mesma renóvanse cada dous anos. Roga que se faga unha consulta, e unha vez efectuada se someta de novo a esta comisión. Pide que se garantice a representación proporcional dos distintos sectores que compoñen a Xunta de Facultade, profesores, Pas e alumnos, propón que se modifique o Regulamento interno do Centro para garantir dita representación.

O profesor D. Pablo Grande responde que o censo da xunta é un censo único, e que sobor disto xa se pediu unha consulta a Asesoría Xurídica da universidade no seu día. Intervén novamente a profesora Pita solicitando que conteste o Sr. Decano a súa pregunta, quen manifesta que o seu cese terá lugar o próximo día 9 de maio, e que a tenor da normativa establecida convoca as eleccións a partires do día seguinte, tal como consta no calendario que conta co visto bo da

Secretaría Xeral. A profa. Ana Pita toma novamente a palabra para dicir que debería haberse articulado a renovación dos membros da xunta, solicita a celebración dunha xunta extraordinaria para tratar este tema das eleccións, pois entende que houbo un incumplimento da normativa, ónde se di que a renovación dos membros farase cada dous anos e non cada ano, e manifesta que se reserva as accións legais pertinentes. O prof. Grande insiste en que as eleccións dos alumnos do ano pasado foron convocadas a partir dun informe emitido pola Asesoría Xurídica da Universidade de Vigo. A profa. Pita sinala que tales informes non son vinculantes, prosegue a dicir que non foron aprobadas nunha xunta de facultade, e conclue solicitando que se lle dé traslado deses informes. Ante tal petición, a secretaria que suscribe a presente acta, rógalle que a formule por escrito e que lle serán enviados de seguido.

Non habendo mais asuntos a tratar, remata a sesión ás 11,45 h., do cal, como Secretaria, dou fe.